



SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS EN LUGO
Ronda da Muralla, 131-1º. (C.P. 27004 – Lugo)

Ana Belén Ermida Igrexas (1 para 1)
alcaldesa
Data de Sinatura: 30/08/2022
HASH: 54718eecc095eb159503c6d49750e83



ASUNTO: Autorización para a colocación de pousadoiros e plataformas con niño para a aguia pescadora.

D^a. ANA BELÉN ERMIDA IGREXAS, ALCALDESA DE BARREIROS, diante do Servizo Provincial de Costas en Lugo,

EXPÓN:

1. Que na ría de Foz – Masma se asentou dende hai uns anos unha aguia pescadora (Pandion haliaetus) para pasar a tempada invernal.
2. Que esta especie supón un gran valor ambiental e esperta interese turístico entre os afeccionados/as á ornitoloxía e á biodiversidade dos espazos naturais.
3. Que o Concello de Barreiros pretende colocar 2 postes con plataforma para a colocación de cadanseu niño e, a maiores, 2 pousadoiros próximos aos niños co obxectivo de facilitar o asentamento, cría e recuperación desta especie na devandita ría.
4. Que entre os obxectivos dos mesmos se atopan:
 - a. Facilitarlle a esta e outras aves un pousadoiro durante a marea alta posibilitando así a súa observación dende diferentes puntos estratéxicos na beira da ría e ao longo do Camiño Natural do Cantábrico.
 - b. Procurarlle a esta especie unha infraestrutura de reclamo para fomentar a súa reprodución e cría neste esteiro que, de ter éxito, sería un fito reseñable a nivel ornitolóxico e ambiental en Galicia e gran parte do Cantábrico.
 - c. Fomentar a posta en valor deste espazo natural protexido desde o punto de vista da conservación ambiental promovendo actitudes respectuosas por parte de veciños/as e visitantes.

SOLICITA:

Autorización para a colocación experimental de 2 postes-niño + 2 postes-pousadoiro por un período de 4 anos co fin de avaliar o seu uso por parte desta especie. Propóñense ambas localizacións con cadansúa parella de postes (poste niño + poste pousadoiro colocados a 15-20 metros de distancia entre si). Estas instalacións teñen unhas medidas de 6-8 metros de alto



(1.5 metros enterrados no fango) e uns brazos cunha envergadura de 1m (para o caso dos pousadoiros) ou, para o caso dos niños, unha plataforma de madeira e fondo de malla metálica de 1m² sobre a que se colocará un niño artificial podendo levar a maiores un apéndice con pousadoiro. Finalizado o devandito prazo de colocación experimental procederase á retirada dos elementos ou, se é o caso, solicitarase unha ampliación do prazo ou unha concesión permanente.

AXUNTA:

Planos de localización destas infraestruturas.

A Alcaldesa,

D^a. Ana Belén Ermida Igrexas
Documento asinado electronicamente á marxe.



POUSADOIROS E PLATAFORMAS



EMPLAZAMIENTO: RIA DE FOZ-MASMA

PLANO: SITUACIÓN SOBRE FOTOGRAFÍA AÉREA

E: s/n


ARQUITECTO: Marta Geada Arca. ARQUITECTA MUNICIPAL



A.1



MARTA GEADA ARCA
Arquitecta Municipal
I.D. 2008/2022
I.D. 125142227
I.D. 125142227



POUSADOIROS E PLATAFORMAS CON NIÑO PARA A AGUIA PESCADORA

EMPLAZAMIENTO: RÍA DE FOZ-MASMA

PLANO: SITUACIÓN SOBRE PLANO DESLINDE

ARQUITECTO: Marta Geda Arca.

ARQUITECTA MUNICIPAL

E: 1/2500



A.3

MARTA GEDA ARCA (1ª parte)
Arquitecta municipal
Data de Sinatura: 30/08/2022
HASH: 4d3c272ed7251062271c369394d19f1

DILIGENCIA: Para hacer constar que este plano corresponde al deslinde del dominio público marítimo-terrestre C-DL 42-1469 aprobado por O.M. de fecha 13/11/99 y rectificado parcialmente por O.M. de fecha 05/06/2011 Lugo, a 31/08/2022




R í a de F o z

MARISMA

charca

Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico
 Dirección General de la Costa y el Mar
13 OCT. 2022
 Servicio Provincial de Costas en Lugo
 REGISTRO DE ENTRADA 2022/45733557A



COMPULSA
 Número: 2022-0108 Data: 13/10/2022



